

# O Blog como ferramenta na Orientación Educativa

Daniel Veiga Martínez  
Departamento de Orientación  
I.E.S. "García Barbón" Verín -Ourense-

## 1.- Introducción.

En primeiro lugar, quero agradecer ó presidente e o equipo directivo da Asociación Profesional de Orientación Educativa de Galicia (APOEGAL) a oportunidade que me facilitan para dar a coñecer unha parte –a máis recente- da experiencia educativa que chamamos **“Orientarse con internet”**.

En segundo lugar, sinalar que a aportación que se vai realizar reflicte unha maneira específica de uso das novas tecnoloxías –de internet en xeral e, en particular, do Blog ( O Blog de Orientación como Guía de Información Académica e Profesional)-. Entendemos que as moitas potencialidades pedagóxicas dos Blogs –como ferramentas multiusos- son unha promesa que hai que potenciar e investigar no centro educativo.

En terceiro e último lugar, anotar que o título do traballo: “O Blog como ferramenta na Orientación Educativa” da conta só dunha parte da nosa aportación no I Encontro de Orientadores de Galicia. A outra parte da nosa ponencia trata, entre outros aspectos, sobre as posibilidades de informarnos de maneira automática (usando a sindicación de contidos –rss-) e as novas aplicacións educativas da web 2.0.

## 2.- Weblog, Blog ou Bitácora: unha ferramenta multiuso.

Un blog (weblog ou bitácora) é –nunha síntese persoal-, unha modalidade de páxina web –sinxela-, sen coste económico, que potencia a participación e a interactividade e que posibilita a sindicación de contidos (rss).

A maioría das definicións fan fincapé en considerar os blogs como unha modalidade de páxina web de autoría preferentemente individual, na que os artigos aparecen ordenados pola data de publicación e que se actualiza de maneira frecuente. Na Galipedia [<http://gl.wikipedia.org/wiki/Blog>] e na Wikipedia [<http://es.wikipedia.org/wiki/Blog>] podemos ler outras definicións e algunhas características fundamentais dos blogs.

No ámbito educativo, as vantaxes xerais do uso dos blogs son variadas:

- Un sistema sinxelo, rápido e sen coste para publicar en internet.
- A posibilidade que ten o visitante de participación e interactividade.
- O uso da sindicación de contidos (rss) doutros blogs
- Un sistema de almacenamento e organización da información.

Polo que se refire ás aportacións pedagóxicas do uso educativo do blog, podemos destacar:

- Posibilita e potencia a alfabetización dixital do alumnado.
- Aporta unha dose de motivación engadida para as aprendizaxes de lectura e escritura. Permite a formación audiovisual.
- O alumno/a é o protagonista do seu blog e a publicación inmediata reforza a sensación de éxito. Axuda na creación de redes virtuais de aula (nas ligazóns do blog poden incorporar os blogs dos compañeiros/as).
- Iniciamos ó alumno/a nas aprendizaxes específicas para organizar, compartir –comunicarse- e traballar coa información.
- O blog reflicte as actividades de aprendizaxe realizadas (caderno virtual).

En definitiva, o blog pode ser un *espacio de aprendizaxe* (VEIGA, 2006) que responda ás necesidades educativas dos nosos/as alumnos/as. O blog é unha ferramenta multiuso que nos permite variadas aplicacións pedagóxicas.

[www.aulablog.com/planeta](http://www.aulablog.com/planeta)




[Profes](#) [Centros](#) [Otros](#) [Directorio](#) [Añade tu blog](#)

### 3.- Planificar, crear e manter un Blog con BLOGIA: aportacións prácticas.

Existen numerosas páxinas en internet que nos permiten crear un blog, pero no IES “García Barbón”, ata o de agora, temos apostado polo sistema de publicación de BLOGIA.

Unha das características do servizo sen coste que nos facilita BLOGIA é a súa **simplicidade**. O proceso de alta do noso blog e o de comezar a publicar podemos resolvelo en poucos minutos. Polo tanto, as dificultades tecnolóxicas non van ser motivo verdadeiro para rexeitar a creación do noso blog.



A primeira tarefa que podemos realizar –unha vez creado o noso blog- é a de configurar a nosa conta como usuarios/as avanzados, (Blogia Plus) para aproveitar as vantaxes asociadas (no Obradoiro explicaremos con detalle e de maneira práctica as distintas características xerais de BLOGIA). Complementariamente, vamos a instalar un contador de visitas –WEBSTATS4U.COM- no noso blog e darnos de alta no buscador GOOGLE e na páxina de AULABLOG. Para rematar, podemos cambiar a aparencia –deseño- do noso blog.

Outro dos aspectos fundamentais –previa planificación xeral do noso blog- é a creación de TEMAS. Os Temas son os principios organizadores da información que vamos engadir no blog. En consecuencia, é preciso planificar, con criterios pedagóxicos, as finalidades e funcións que vai procurar desempeñar o noso blog.

De maneira habitual, a nosa tarefa vai ser a de publicar artigos (ESCRIBIR NOVO) con ligazóns e/ou imaxes. Na miña experiencia formativa con profesores (<http://seminario321.bitacorras.com>) de Programas de Garantía Social (<http://vicentesanchez.blogia.com>, <http://formaciongalicia.blogia.com>), Educación de

Adultos (<http://epablog.blogia.com>), Ciclos Formativos de Grao Medio e Superior e Bacharelato (<http://ensinargalego.blogia.com>), (<http://frantematicas.blogia.com>) e (<http://mnica.blogia.com>) podon confirmar que nos lles resulta complicado a realización das tarefas anteditas. Unha razón máis para utilizar os blogs nos centros educativos.



Polo que se refire ó alumnado, podemos dicir que, en xeral, non lle resulta complicado familiarizarse co mundo dos blogs. En todo caso, apuntar que sería convinte que o uso dos blogs tivera un espazo curricular -nalgúnhas asignaturas ou módulos formativos- e non se identificara de maneira exclusiva coas tarefas de información académica e profesional.

### Unha mostra dos blogs dos alumnos/as do IES “García Barbón”

Ciclos de Grao Medio	<a href="http://ferre.blogia.com">http://ferre.blogia.com</a> <a href="http://abelalvarez.blogia.com">http://abelalvarez.blogia.com</a> <a href="http://anaps.blogia.com">http://anaps.blogia.com</a> <a href="http://casimiroynoteveo.blogia.com">http://casimiroynoteveo.blogia.com</a> <a href="http://padron.blogia.com">http://padron.blogia.com</a> <a href="http://portela.blogia.com">http://portela.blogia.com</a> <a href="http://queizas.blogia.com">http://queizas.blogia.com</a> <a href="http://sandramushobeti.blogia.com">http://sandramushobeti.blogia.com</a> <a href="http://vences.blogia.com">http://vences.blogia.com</a> <a href="http://vane7.blogia.com">http://vane7.blogia.com</a> <a href="http://susy.blogia.com">http://susy.blogia.com</a> <a href="http://mandin.blogia.com">http://mandin.blogia.com</a>
Ciclo Superior	<a href="http://patriciaiglesias.blogia.com">http://patriciaiglesias.blogia.com</a> <a href="http://oscararias.blogia.com">http://oscararias.blogia.com</a> <a href="http://crisline.blogia.com">http://crisline.blogia.com</a> <a href="http://rake.blogia.com">http://rake.blogia.com</a>
Bacharelatos	<a href="http://gemma.blogia.com">http://gemma.blogia.com</a> <a href="http://ceneguicha.blogia.com">http://ceneguicha.blogia.com</a> <a href="http://kathy.blogia.com">http://kathy.blogia.com</a> <a href="http://residentgirl.blogia.com">http://residentgirl.blogia.com</a> <a href="http://selne.blogia.com">http://selne.blogia.com</a>
Programas de Garantía Social	<a href="http://rubenvences.blogia.com">http://rubenvences.blogia.com</a> <a href="http://pyty9151.blogia.com">http://pyty9151.blogia.com</a>

### 3.1. Sistemas de creación de blogs en galego

Cando comezamos o noso blog de Orientación (febreiro de 2005) non tiñamos coñecemento da existencia de sistemas de creación de blogs en galego.

O ano 2006 é unha data especialmente destacada para poder comezar a falar de BLOGS en galego. Por unha banda, ten lugar en Santiago –organizado polo Consello da Cultura Galega- o **I Encontro de Blogs de Galicia e Portugal** ([www.consellodacultura.org/enblog](http://www.consellodacultura.org/enblog)) e, por outra banda, dispomos xa de dous sistemas de creación de blogs en galego ([www.blogoteca.com](http://www.blogoteca.com)) e ([www.blogaliza.org](http://www.blogaliza.org)).

**[www.blogoteca.com](http://www.blogoteca.com)**

**[www.blogaliza.org](http://www.blogaliza.org)**

**4.- Informarse de maneira automática: a sindicación de contidos (rss).**

## [www.bloglines.com](http://www.bloglines.com)

Un dos servizos máis interesantes e “revolucionarios” da chamada Web 2.0. é, sen dúbida, BLOGLINES, a posibilidade de informarnos de maneira automática.

Os blogs son ferramentas multiuso que incorporan a posibilidade de sindicación (RSS) –suscripción- dos seus contidos, pero necesitamos unha aplicación que nos permita ler os contidos de distintos blogs, polo que temos que rexistrarnos e saber usar BLOGLINES.

O primeiro paso é crear unha conta cos datos que se sinalan e rexistrarnos.


### Crear una cuenta

* Dirección de e-mail:	<input type="text"/>
* Contraseña	<input type="password"/>
Escriba la contraseña de nuevo:	<input type="password"/>
Zona horaria:	<input type="text" value="-0800 Costa Pacífica de EE.UU. y Canadá"/>
Idioma:	<input type="text" value="Inglés"/>
Boletín informativo:	<input type="checkbox"/> Suscríbese al boletín informativo de Bloglines.

Al proporcionar su información de registro, está indicando que acepta las Condiciones Bloglines, y acepta las disposiciones de ambas.

Registrar

Unha vez rexistrados, temos que visitar a nosa conta de correo electrónico para validar a mensaxe que nos chegara de BLOGLINES. Rematada a tarefa, estamos listos para traballar coa aplicación.



O procedemento básico consiste en identificar o canal RSS do blog – un enderezo de internet para copiar- e, posteriormente, engadir a url da páxina no lugar correspondente -pegar- (Blog or feed URL) e premer en Suscribirse. (Máis información no Obradorio correspondente e en <http://aprender.blogia.com>).

Para exemplificar o proceso de identificación do canal RSS e posterior suscripción, podemos visitar algunha das páxinas que se recomentan no apartado: “Sobre blogs no ensino”.



## 6.- A Web educativa 2.0

O concepto de Web 2.0 que se facilita no traballo sobre “A Web Educativa 2.0” (TORRE, A, 2006) fai énfase na substitución do termo de web de lectura, polo de web de **lectura-escritura**. A web 2.0 posibilita que dispoñamos de moitas ferramentas sinxelas para poder publicar en internet. Un dos exemplos máis populares da web 2.0 son os **blogs, weblogs ou bitácoras** (-blogs de profesores/as, -blogs de aula, de asignatura ou departamento, -blogs de alumnos/as, -blogs informativos, etc). Complementariamente, as distintas novidades tecnolóxicas (comentaremos algunha coa que temos traballado) presentan unha mesma estratexia no tratamento automático da información: o **RSS**.

### Aplicacións que nos poderían interesar no noso traballo orientador.

1.- <a href="http://www.blogia.com">www.blogia.com</a>	CREAR BLOGS
2.- <a href="http://www.bloglines.com">www.bloglines.com</a>	SINDICACIÓN DE CONTIDOS Informarse de maneira automática
3.- <a href="http://www.gmail.com">www.gmail.com</a>	CORREO ELECTRÓNICO Alta capacidade de almacenamento e servizos engadidos


4.- WWW.AJAXWRITE.COM	PROCESADOR ON LINE
5.- WWW.THUMBSTACKS.COM	PRESENTACIÓNS ON LINE
6.- <a href="http://www.writely.com">www.writely.com</a>	O PROCESADOR ON LINE Unha proposta moi completa
7.- <a href="http://metaatem.net/words">http://metaatem.net/words</a>	LETRAS FLICKR
8.- <a href="http://www.irows.com/xo/welcome.do">www.irows.com/xo/welcome.do</a>	FOLLA DE CÁLCULO - GRÁFICAS
9.- <a href="http://nces.ed.gov/nceskids/graphing">http://nces.ed.gov/nceskids/graphing</a>	REALIZAR GRÁFICAS
10.- <a href="http://flickr.com">http://flickr.com</a>	GALERÍA DE FOTOS As túas fotos en internet
11.- <a href="http://woomp.com">http://woomp.com</a>	FOTOS EN FLASH
12.- <a href="http://www.gogofrog.com">www.gogofrog.com</a>	FOTOS EN TRES DIMENSIÓNS
13.- <a href="http://WWW.BLIBS.COM/ANIMATION-FACTORY">WWW.BLIBS.COM/ANIMATION-FACTORY</a>	ENGADIR ANIMACIÓN Sinxela e interesante aplicación para a animación de fotos
14.- <a href="http://WWW.PIXOH.COM">WWW.PIXOH.COM</a>	TRATAMENTO ON LINE DE FOTOS
15.- <a href="http://www.blinklist.com">www.blinklist.com</a> <a href="http://www.blinklist.com/iesgb">www.blinklist.com/iesgb</a> <a href="http://www.blinklist.com/dveiga">www.blinklist.com/dveiga</a>	AS MIÑAS WEBS As miñas webs favoritas organizadas
16.- <a href="http://apcala.com">http://apcala.com</a> <a href="http://apcala.com/ocigborienta/files-1/935/oci0506.pdf">http://apcala.com/ocigborienta/files-1/935/oci0506.pdf</a>	OS MEUS DOCUMENTOS O meu disco duro virtual
17.- <a href="http://www.interrogantes.com">www.interrogantes.com</a>	ENQUISAS SINXELAS
18.- <a href="http://express.perseus.com">http://express.perseus.com</a>	CREA ENQUISAS E RESULTADOS
19.- <a href="http://convert.neevia.com">http://convert.neevia.com</a>	CONVERSOR A PDF
20.- <a href="http://www.putfwd.com">http://www.putfwd.com</a>	DISCO DURO VIRTUAL de alta capacidade




## 7.- Orientarse con internet no IES “García Barbón”: orientando entre Blogs.



**Orientarse con internet** é unha actividade formativa promovida polo Departamento de Orientación do I.E.S. “García Barbón” de Verín –Ourense- que, a partir do ano 2000 e ata o de agora, pretende dotar ó alumnado con distintas destrezas relacionadas co uso informado de internet e, de maneira máis específica, favorecer o seu proceso de orientación académica e profesional



As aplicacións informáticas que consideramos básicas e que a maioría do alumnado do centro debe coñecer e saber usar son: correo electrónico en Yahoo e/ou en Gmail, blog en BLOGIA e para informarse Bloglines.



Complementariamente, sobre todo naqueles grupos nos que dispomos de máis tempo, podemos coñecer e saber usar un disco duro virtual (Apcala), un procesador on line (Ajaxwrite), traballar con imaxen (Blibs) e gardar de maneira ordenada as nosas webs máis interesantes (Blinklist).

A actividade formativa que se recolle no apartado “Programa formativo para o alumnado” enumera as distintas tarefas que se propoñen para o curso 2005/2006.

## **ORIENTARSE CON INTERNET** **CURSO 2005/2006**

### *Programa formativo para o alumnado (outubro 2005)*

1.- Dotarse dunha conta de correo electrónico sen coste e saber utilizala (mandar correo, ler correo, mandar correo con documentos engadidos, etc).

Por exemplo, en [www.yahoo.es](http://www.yahoo.es)

2.- Realizar unha conta de correo electrónico –previa invitación- en GMAIL.

[www.gmail.com](http://www.gmail.com)

3.- Coñecer recursos para buscar información en internet. Buscadores, metabuscadores e programas específicos.

<http://apcala.com/danielv/files/-1/202/RBI.doc>

4.- Recursos en internet para a información académica e profesional. Itinerarios académicos e profesionais.

4.1. Blogs realizados polo Departamento de Orientación:

[www.orientacion.blogia.com](http://www.orientacion.blogia.com)   [www.ocinoiesgb.bitacorras.com](http://www.ocinoiesgb.bitacorras.com)

[www.aprender.blogia.com](http://www.aprender.blogia.com)

[www.seminario321.bitacorras.com](http://www.seminario321.bitacorras.com)

5.- Buscar emprego coa axuda de internet.

<http://apcala.com/danielv/files/-1/285/ocifp.htm>

6.- Crear e administrar un blog persoal.

[www.blogia.com](http://www.blogia.com)

7.- Suscribirse a bloglines e usar, entre outros, o seu servizo de novas.

[www.bloglines.com](http://www.bloglines.com)

8.- Suscribirse a apcala e saber utilizar as súas prestacións máis interesantes.

<http://apcala.com>

9.- Adquirir destrezas relacionadas co manexo da información (Conversor de textos a pdf, descomprimir arquivos, instalar programas, etc).

[http://www.noticiasdot.com/publicaciones/2005/0405/2904/noticias/noticias\\_290405-17.htm](http://www.noticiasdot.com/publicaciones/2005/0405/2904/noticias/noticias_290405-17.htm)

[http://www.masternewmedia.org/es/2005/04/13/crear\\_archivos\\_pdf\\_de\\_acrobat.htm](http://www.masternewmedia.org/es/2005/04/13/crear_archivos_pdf_de_acrobat.htm)

#### **Programas libres e freeware:**

<http://www.uprm.edu/ideal/freeware-pre/>

<http://revista.consumer.es/web/es/20050501/internet/69697.php>


## **5.- O Blog do Departamento de Orientación como Guía de Información Académica e Profesional.**

**<http://orientacion.blogia.com>**

O noso traballo de planificación, creación e mantemento dun BLOG –páxina web sinxela- foi realizado nun servizo sen coste que pode visitarse nesta url: [www.blogia.com]

Blogia facilita soporte –sen coste- para a publicación do blog e proporciona, entre outras características, [http://www.blogia.com/portada/caracteristicas-de-blogia.php] a posibilidade de clasificación de artigos por temas, un buscador interno, plantillas para o deseño do blog, ligazóns, copia de seguridade, sindicación de contidos (rss), etc.

O blog –weblog ou bitácora- de Orientación conta cunha estrutura de navegación moi sinxela e pode visualizarse mediante conexión a internet.



## GUIA DIDACTICA DO BLOG DE ORIENTACIÓN

Durante o primeiro trimestre do curso 2004/2005 descubrimos e estudamos as importantes vantaxes [pedagógicas e técnicas](#) dos [blogs ou bitácoras](#) para levar adiante o noso proxecto de [planificación dun Blog](#) de Orientación. Por elo, a mediados de febreiro de 2005 comezamos a aventura de aprendizaxe continuada que é a Guía de Información Académica e Profesional.

A Guía de Información Académica e Profesional é un Blog de Orientación en construción permanente que pretende ofrecer, a medio prazo, un servizo de información académica e profesional relativamente completo, actualizado e participativo.

A información que se facilita sobre os distintos temas que compoñen o Blog de Orientación pretende servir de axuda e orientación a quen nos visite.

Recomendamos consultar con atención e adicar tempo, en primeiro lugar, nos temas xerais de **"Orientarse" e "Itinerarios"**.

Complementariamente, sinalar que: a) existe a posibilidade de buscar información de interese facendo uso do buscador interno, b) facilitamos enlaces a outras páxinas web de interese, c) podemos consultar a información por meses/días e d) podemos comentar calquera aportación informativa do Blog.

<http://orientacion.blogia.com/temas/guia-didactica.php>

### **5.1.- Pasos na elaboración do recurso.**

O Departamento de Orientación do I.E.S. "García Barbón", a partir da súa constitución no curso 1999/2000, ten apostado polo uso de internet como ferramenta útil de información, formación e comunicación.

A nosa experiencia educativa inicial "Orientarse con internet" [<http://www.educared.net/congresoII/doc/talleres/educared.htm>] plantexaba un achegamento ás cuestións básicas sobre internet (aprender a buscar información, ter unha conta de correo electrónico e saber utilizala, usar recursos didácticos, etc) e unha selección de páxinas web de potencial utilidade no ámbito da información académica e profesional do contexto galego.

Posteriormente, elaboramos un cd-rom que chamamos "Orientarse" –Recursos de información académica e profesional- (VEIGA e MARTÍNEZ, 2003) e seguimos

traballando na elaboración dunha guía virtual de orientación profesional para o alumnado de Educación Secundaria (VEIGA, 2003b).

Nos dous últimos cursos, facilitamos ao alumnado distintas guías de navegación específicas. Nunha primeira fase, unha selección de recursos de información académica e profesional para o alumnado de Bacharelato (VEIGA, 2004) e, nunha segunda fase, unha proposta na mesma liña para os adolescentes de Formación Profesional (VEIGA, 2005).

A creación dun blog –que pode definirse como unha páxina web de autoría preferentemente individual, na que os artigos aparecen ordenados pola data de publicación e que se actualiza frecuentemente- non é unha tarefa complexa nen require de coñecementos informáticos elevados. Cremos que é unha aposta pola publicación en internet moi sinxela, con grandes posibilidades de **interactividade** e sen coste.

A planificación dun blog que pretende servir como Guía de Información Académica e Profesional é unha tarefa en construción permanente. Consideramos que a elaboración dun blog require dun traballo previo de documentación e dunha boa disposición para a aprendizaxe diaria –un blog é unha ferramenta de formación-. Aprendizaxe e formación que ten unha estreita relación coa posibilidade de modificación da información –cambios nos contidos, actualizacións, engadidos, etc- dunha maneira moi sinxela; o que fai dos blogs, unha ferramenta moi eficaz e interesante, entre outras, [<http://www.xtec.net/~ivilater/blogs/Weblog+Educacio.html>] para as tarefas de información académica e profesional.

Na Circular 20/2005 das Direccións Xerais de Ordenación e Innovación Educativa e de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais polas que se ditan instrucións para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional 2005/2006, a liña de actuación prioritaria número catro sinala,

*“o fomento da utilización das tecnoloxías da información e da comunicación, intensificando o aproveitamento das posibilidades que proporcionan as novas tecnoloxías no campo da orientación e o asesoramento”.*

O Blog de Orientación foi deseñado, nun primeiro momento, para atender ás necesidades de información académica e profesional do alumnado do centro. As primeiras aportacións que elaboramos e publicamos -das titulacións universitarias e de formación profesional- son as que o alumnado solicitou maioritariamente.

Nun segundo momento, fomos engadindo outros temas no Blog (Orientarse, Itinerarios, Novidades, etc) que ofreceran materiais con claves e pautas para a toma de

decisións (ver o tema Orientarse) e as distintas posibilidades profesionais que teñen os adolescentes para a súa formación permanente (ver tema de Itinerarios).

O mantemento dun blog e a creación de contidos –de maneira habitual- non pode realizarse sen unha eficaz planificación. Por elo, a nosa experiencia na elaboración de distintos recursos para a información académica e profesional do alumnado de Educación Secundaria (guías informativas, cd-rom, propostas para o Bacharelato, Formación Profesional, etc) é, xunto con outras aportacións, a base sobre a que se artella a creación do Blog de Orientación.

En relación coas outras aportacións que serviron de base para a elaboración do Blog de Orientación, temos que sinalar que se utilizaron, entre outras, as seguintes estratexias:

-Unha parte da información e documentos específicos proceden do uso habitual de buscadores, metabuscadores e programas específicos.

-Recibimos diariamente as principais novidades –previamente seleccionadas- que nos chega o servizo de alertas de Google –novas-.

-Temos a posibilidade de ler a información actualizada de múltiples páxinas web do noso interese coa utilización do servizo de sindicación de contidos (RSS) [consultar o noso blog para aprender sobre RSS – <http://ocinoiesgb.bitacorras.com> - ] e o lector de novas de Bloglines.

-Consultamos habitualmente as versións dixitais dos principais xornais e revistas especializadas.

-Recibimos distintas publicacións de interese no ámbito da información académica e profesional (libros, revistas, anuarios, etc) que nos sirven de base para a preparación dunha parte dos contidos do noso Blog de Orientación.

## **5.2.- Descrición dos medios utilizados.**

Utilizamos distintos recursos de internet que detallamos a continuación:

-Un sistema de administración de contidos (CMS) sen coste en [www.blogia.com](http://www.blogia.com)

-Un lector de novas –previa sindicación das webs de interese- [www.bloglines.com](http://www.bloglines.com)

-Un servizo de correo electrónico para o almacenamento de información –sen problemas de cantidade- en [www.gmail.com](http://www.gmail.com)

-Unha web, entre outras posibilidades, de aloxamento de arquivos que logo podemos enlazar no noso blog en <http://apcala.com>

-As distintas páxinas e servizos de información da Xunta de Galicia, das Universidades Galegas, xornais galegos e outros portais educativos de Galicia.

-A nosa suscripción aos distintos monográficos e publicacións relacionadas coa información educativa e a orientación académica e profesional, entre outros:

( <a href="http://www.educaweb.com">www.educaweb.com</a> )	( <a href="http://www.profes.net">www.profes.net</a> )	( <a href="http://www.quadernsdigitals.net">www.quadernsdigitals.net</a> )
( <a href="http://www.universia.es">www.universia.es</a> )	( <a href="http://cent.uji.es/octeto/node/1860">http://cent.uji.es/octeto/node/1860</a> )	( <a href="http://www.educared.net">www.educared.net</a> )

## 6.- BIBLIOGRAFÍA.

-BISQUERRA, R.(1999) “Elementos y actividades para la información académica y profesional” En SOBRADO,L. (Ed.) Orientación e intervención sociolaboral. Barcelona: Estel. Pp. 131-181.

-CABERO, J.(2003) “Las nuevas tecnologías aplicadas a los procesos de orientación educativa”. En: <http://tecnologia.us.es/bibliovir/pdf/TICsorientacioneducativa.pdf> (25/03/2004)

-LUCAS, S. e CARBONERO, M.A.(2002) Construyendo la decisión vocacional. Valladolid: Universidad de Valladolid.

-MARTOS, A. (2002) Internet para estudiar. Madrid: Prentice Hall.

-PANTOJA, A. (2004) La intervención psicopedagógica en la sociedad de la información. Educar y orientar con nuevas tecnologías. Madrid: EOS.



-TORRE, A. (2006) “Web Educativa 2.0”. En Edutec. Revista Electrónica de Tecnología Educativa, N° 20 (Xaneiro 2006). En: <http://edutec.rediris.es/Revelec2/revelec20/anibal20.htm> (12/01/2006)

-VEIGA, D. e MARTÍNEZ, F. (2003) “Recursos de información académica y profesional del alumnado: el cd-rom [Orientarse]”  
III Congreso Internacional Virtual de Educación (CIVE 2003) (En cd-rom)  
Unha parte do traballo pode consultarse en:  
<http://apcala.com/ocigborienta/files/-1/934/cive2003.htm>

-VEIGA, D. (2003a) “Orientación profesional y nuevas tecnologías: una experiencia trianual”. Congreso Internacional Virtual Educa 2003.  
[www.virtualeduca.org/2003/es/actas/11/11\\_19.pdf](http://www.virtualeduca.org/2003/es/actas/11/11_19.pdf)

-VEIGA, D. (2003b) “Orientarse con internet en la educación secundaria: webs de información académica y profesional”.  
Congreso Iberoamericano de Comunicación y Educación. “Luces en el laberinto audiovisual”. [www.ateiamerica.com/doc/orientarse.pdf](http://www.ateiamerica.com/doc/orientarse.pdf)

-VEIGA, D. (2004) “Orientación académica y profesional del alumnado de Bachillerato mediante el uso de internet”  
IV Congreso Internacional Virtual de Educación (CIVE 2004) (En cd-rom)  
<http://apcala.com/ocigborienta/files/-1/932/cive2004.pdf>

-VEIGA, D. (2005) “Recursos de información académica y profesional para el alumnado de los ciclos formativos mediante el uso de internet”  
V Congreso Internacional Virtual de Educación (CIVE 2005) (En cd-rom)  
<http://apcala.com/ocigborienta/files/-1/933/cive2005.pdf>

-VEIGA, D. (2006) “Los blogs como espacios de aprendizaje: proyectos del Departamento de Orientación”  
VI Congreso Internacional Virtual de Educación (CIVE 2006) (En cd-rom)  
<http://apcala.com/danielv/files/-1/1547/cive.pdf>

### **7.- Sobre blogs no ensino (para aprender e utilizar os blogs na educación).**

<p><a href="http://www.uprm.edu/ideal/blogs-suagm.swf">http://www.uprm.edu/ideal/blogs-suagm.swf</a> Presentación moi útil e interesante sobre weblogs: implicacións dos weblogs para o ensino. Mario Nuñez Molina</p> <p><a href="http://www.unav.es/digilab/taller/">http://www.unav.es/digilab/taller/</a> Taller de Blogs.</p>	
<p><a href="http://aula21.net/aulablog21/">http://aula21.net/aulablog21/</a> Tecnoloxía dixital na aula Moitos recursos interesantes Visita obrigada</p>	<p><a href="http://www.auladeletras.net/blog/?p=9">http://www.auladeletras.net/blog/?p=9</a> Artigos sobre weblogs e educación</p>

<p><a href="http://www.vidadigital.net/blog/">http://www.vidadigital.net/blog/</a> Tecnoloxías da aprendizaxe Moitos recursos de utilidade Visita obrigada</p>	<p><a href="http://www.adelat.org/wiki/index.php">http://www.adelat.org/wiki/index.php</a> Blogs, edublogs, rss, etc.</p>
<p><a href="http://www.aulatic.com">http://www.aulatic.com</a> Ensino e tecnoloxías da información e a comunicación.</p>	<p><a href="http://iesmariademolina.org/blog">http://iesmariademolina.org/blog</a> Educación e novas tecnoloxías.</p>
<p><a href="http://www.aulablog.com">http://www.aulablog.com</a> Proxecto colaborativo sobre o uso das tecnoloxías na aula. Unha mancha de recursos. Hai que visitar aulablog.</p>	<p><a href="http://www.bitacoras.org/bit.php?id=116_0_1_0_C">http://www.bitacoras.org/bit.php?id=116_0_1_0_C</a> Artigo moi interesante sobre weblogs e educación. Hai que consultalo.</p>
<p><a href="http://todoblogs.blogspot.com">http://todoblogs.blogspot.com</a> Creación e manexo de blogs.</p>	<p><a href="http://utilidades.bitacoras.com">http://utilidades.bitacoras.com</a> Utilidades e recursos para blogs. Non deixes de visitalo.</p>
<p><a href="http://www.santiagoapostol.net/revista05/blogs.html">http://www.santiagoapostol.net/revista05/blogs.html</a> Artigo sobre “Blogs e ensino”</p>	